

6.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

6.1 INTRODUCCIÓN.

A avaliación constitúe o elemento básico da práctica educativa que proporciona información sobre o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe. Non só se avalía aos alumnos senón tamén a labor do profesor e o seu sistema de traballo. Todo iso posibilita introducir as correccións necesarias para conseguir o logro dos obxectivos educativos.

6.2 PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL (E.S.O.)

A información que subministra a avaliación debe servir como punto de referencia para a actuación pedagóxica. A avaliación constitúe un proceso continuo, que forma parte do propio proceso de aprendizaxe. A finalidade principal da avaliación é a adecuación do proceso de ensino ao proceso real da aprendizaxe dos alumnos. Unha parte do proceso avaliador é a avaliación inicial para coñecer e valorar os contidos previos do alumnado. Esta avaliación pretende contextualizar a avaliación, facer un diagnóstico de grupo e do individuo, xa que se tomarán en consideración os datos relativos ao historial académico de cada alumno, as suxerencias aportadas polo profesorado e terá por obxecto establecer un diagnóstico sobre os seguintes aspectos:

Grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír as novas aprendizaxes propias da Educación Secundaria Obrigatoria.

Grao de consecución das competencias básicas.

Peculiaridades na forma de aprender de cada alumno (habilidades, destrezas, estratexias,...).

Grao de integración social do alumno.

Esta información, moi importante para comezar o curso, será obtida realizando nos primeiros días do inicio de curso dunha serie de probas, enquisas,... que aporten dita información.

En datas a fixar pola Xefatura de Estudos, compartirase esta información co resto do profesorado que imparte materias no mesmo nivel académico, na denominada sesión de avaliación inicial, a que debe indicar o coñecemento real de cada alumno, así como calquera proposta de mellora na súa ubicación no grupo, medidas de atención á diversidade, etc.

6.3 AVALIACIÓN DO ALUMNADO.

O obxectivo principal da avaliación dos alumnos é a valoración das capacidades. Debe ser entendida como un proceso individualizado e integrador. Isto suporá fixar unhas metas para cada alumno acordes coa súa situación inicial e cunhas normas estándar de rendemento.

Como a medida que avanza o proceso educativo os alumnos evolucionan, a avaliación ha de ser formativa, o que implica recoller información en todo momento, para comprobar os progresos e dificultades dos alumnos e proporcionar unha atención individualizada en cada momento.

En cada avaliación realizaranse unha ou varias probas escritas que servirán tanto para cualificar ao alumno como para valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

A avaliación non se leva a cabo para clasificar aos alumnos nin comparalos, se non para orientalos e para

que o profesor teña elementos de xuízo para tomar decisións sobre o xeito de continuar o proceso educativo.

Ao alumnado informaráselle sobre os resultados da avaliación.

Ao comezo de cada curso informarase aos alumnos dos obxectivos, contidos, metodoloxía, criterios de avaliación e de cualificación para que desde o principio o alumno coñeza como se vai a desenvolver o seu proceso de formación.

6.4 AVALIACIÓN DO PROCESO EDUCATIVO.

Levarase a cabo observando ao longo do seu desenvolvemento se é válido para o que se pretende conseguir, se a metodoloxía é a adecuada e se a nosa actuación é correcta. Esta avaliación incluírá referencias a aspectos tales como:

A organización do aula.

O aproveitamento dos recursos do centro

A relación entre o profesor e os alumnos.

A relación entre profesores.

A convivencia entre alumnos.

Os resultados obtidos ao final, tamén completarán a información e permitirannos introducir as correccións necesarias para futuras actuacións.

6.5 CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Son os indicadores que nos sinalan se o alumno desenvolveu as capacidades para conseguir os obxectivos propostos. En cada programación aparecen os respectivos criterios de avaliación.

6.6 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O procedemento de avaliación da aprendizaxe do alumnado virará ao redor dos grandes núcleos dos cales emanará a cualificación dos alumnos e alumnas:

1- Análise da produción dos alumnos/as: 20% en 1ºESO, 2ºPMAR, 3ºESO e Bioloxía e Xeoloxía de 4ºESO; 25% en Ciencias aplicadas á actividade profesional de 4ºESO.

O procedemento a seguir para avaliar o traballo diario basearase en:

- Revisións do caderno de clase.
- Aproveitamento de prácticas na aula, e no laboratorio e traballos en equipo e individuais.

Os alumnos/as deberán elaborar un caderno onde se recollan todas as actividades realizadas tanto en casa como na aula. O caderno deberá estar completo e ao día. Na valoración do caderno teranse en conta os seguintes aspectos: Presentación e organización: presenza de esquemas e resumos dos temas, presenza de apuntes e actividades, corrección das mesmas.

Realización de actividades: carga conceptual, amplitude e desenvolvemento das actividades, claridade expositiva...

Realización de correccións. Todas as actividades son corrixiadas en clase polo profesor/a e os alumnos/as. Valorarase positiva/negativamente a ausencia/presenza de erros nas diferentes actividades. O instrumento que se utilizará é o caderno diario do profesor e diferentes rúbricas (rúbrica de exposición oral, rúbrica de práctica de laboratorio, e utilizaranse cando sexan necesarias e oportunas outras distintas si o tipo de actividade o require) , onde se efectuarán habitualmente anotacións suficientes e claras respecto diso correspondentes á corrección dos cadernos, á corrección dos protocolos-guíóns de traballo do laboratorio, ás observacións do traballo en equipo e individual, exposición de traballos, etc.

2.- Probas específicas (80%). Realizarase polo menos un exame escrito ou oral por avaliación. Os exames consistirán en diversos tipos de preguntas, tanto de carácter pechado como aberto, que terán intención de valorar distintos aspectos no proceso de aprendizaxe do alumnado como son: - Comprensión e argumentación de conceptos - Aplicación dos mesmos a propostas pechadas concretas - Argumentación razoada e con rigor científico ante diferentes propostas suscitadas sobre feitos concretos. - Resolución de cuestións- problema de tipo práctico. - Resolución de preguntas tipo test. – Probas de interpretación de datos, debuxos e imaxes.

6.7 CUALIFICACIÓN DOS ALUMNOS. CÁLCULO DA NOTA DA AVALIACIÓN.

Na cualificación do alumno/a que corresponde a cada avaliación, teranse en conta:

- A media das cualificacións nos exames.
- As exposicións de temas na aula.
- A entrega puntual e nas condicións establecidas dos traballos solicitados (informes de prácticas de laboratorio, análise de textos científicos, etc), así como o seu contido. O feito de entregalos fora de prazo sen causa que o xustifique, suporá unha redución da cualificación ou a non aceptación do mesmo.
- A presentación adecuada e completa do caderno de clase.

Unha avaliación considérase superada cando se acade a puntuación de 5 sobre 10, seguindo as porcentaxes de valoración indicadas nos criterios de cualificación. A nota final da avaliación será a suma dos apartados anteriores.

No caso de que a nota acade o decimal 0,6, o redondeo será o número enteiro seguinte.

Aqueles alumnos/as nos que a nota dunha avaliación sexa inferior a 5 puntos, realizarán a recuperación da avaliación ou avaliacións suspensas na proba final de xuño.

A profesora resérvase o dereito de considerar non válido e polo tanto otorgar a calificación de suspenso a calquera exame no que o alumno utilizase materiais ou métodos ilícitos pra o seu desenvolvemento, tales como uso de móbiles, apuntes non permitidos etc...Si fora o caso, o alumno poderá repetir dito exame no prazo de 24 horas a cargo do profesorado do departamento cos estándares de aprendizaxe establecidos para dito exame.

Nota final da materia

A nota final da materia, será a media das avaliacións continuas.

6.8.- PROBA FINAL DE XUÑO

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo e recuperación para aquel alumnado que despois de ter realizadas as tres avaliacións e no marco do informe de avaliación individualizado non teñan acadado unha nota media de 5 puntos para ter superado a materia, e teña polo tanto que facer a recuperación daquela ou aquelas avaliacións suspensas nun exame final no mes de Xuño.

Proporanse boletíns de actividades para realizar nese período, a correcta realización dos mesmos e a súa entrega en prazo establecido suporá ata un máximo do 20% da nota, sendo o 80% restante a proba escrita ou oral dos estándares de aprendizaxe non superados da materia de calquera das tres avaliacións cursadas.

Neste mesmo período o alumnado que teña todas as avaliacións aprobadas fará actividades de consolidación e ampliación dos contidos da materia(prácticas de laboratorio, gamificación, etc) podendo supoñer a realización destas tarefas e con finalidade motivadora das mesmas un redondeo da súa nota final que non supere nunca as 0.5 décimas.